

actividades para a clase actividades para a clase actividades para a clase

para a clase actividades para a clase **actividades**

para a clase actividades para a clase actividades para a clase

para a clase actividades para a clase actividades para a clase

clase actividades para a clase **actividades** para a clase



1. Sinala  a opción que che parece máis correcta:

O lugar onde vive Noema, a protagonista, é...

- a) Unha aldea moi pequena.
- b) Unha vila.
- c) Unha gran cidade.

A historia cóntaa...

- a) Noema, a mesma protagonista.
- b) Un personaxe da historia, que non é o protagonista.
- c) Ningún personaxe da historia.

A historia transcorre...

- a) Hai moitísimos anos.
- b) Na época actual.
- c) Nun tempo futuro.

2. Lembra o argumento da obra que liches e contesta estas preguntas:

- ¿Que relación ten Noema co seu avó?

- ¿Que lle ocorre ao avó á metade do relato, máis ou menos?

- ¿Que practican a partir de entón os dous personaxes?

- ¿Como acaba o relato?

3. Marca  a opción ou opcións que non sexan certas.

● **¿Que temas trata esta obra?**

- a) A amizade
- b) A vellez
- c) As relacións familiares
- d) A enerxía nuclear
- e) A vida
- f) A morte
- g) O éxito
- h) A sona
- i) A economía

● **Algúns destes temas son difíciles de afrontar. ¿Como cres que os trata a autora?**

- a) Con frialdade.
- b) Con brusquidade.
- c) Con delicadeza.
- d) Doutra maneira.
(Neste caso, di de que maneira.)

4. O relato que liches é un compendio de pequenos retratos da vida cotiá, contados desde a perspectiva dunha nena.

Contesta:

- ¿Que retrato che gustou máis? ¿Por que?

- ¿Cal atopaches máis divertido? ¿Por que?

- ¿Cal che pareceu máis triste? ¿Por que?

- ¿Cal cualificarías de máis tenro? ¿Por que?

5. Durante o relato, cando Noema utiliza algunha palabra que ten máis dun significado, explícanos á súa maneira a cal dos significados se refire. Por exemplo, nas páxinas 83 e 84, aclara:

Ser campeón é ter unha **copa** que non se pode beber por ela porque brilla. Está dentro dun armario que ten cristais e vese.

- Busca, polo menos, outras dúas palabras que utiliza Noema no relato e que teñen máis dun significado.

- Escribe outra palabra que coñezas que teña máis dun significado.

6. No capítulo 10, Noema cóntanos un xogo:

Se eu digo, por exemplo:

–Aquela señora que vai cun neno deulle dúas lambedadas ao xeado e despois lambeuno o neno.

E o avó, sen pensar nada nada, senón non vale, ten que contestar axiña:

–¡Porcalleira!

- Pensa en situacións parecidas, que poderías ver pola rúa, e escríbeas coma se xogasen o avó e Noema.

Un motorista circula pola beirarrúa.

RESPOSTA

.....

.....

Un can fai as súas necesidades onde lle apetece e o seu dono non as recolle.

RESPOSTA

.....

.....

7. Fíxate no título da novela e explica que é en realidade *O estanque dos parrulos pobres* e conta:

- ¿Por que di Noema que os parrulos son pobres?

- ¿Que importancia ten este estanque no desenvolvemento da obra?

- Este tamén é o título dun capítulo. ¿Por que a obra se titula así?

- Inventa outro título que responda ao contido do relato que liches.


8. Ao longo da obra, Noema vive a experiencia de esperar un irmán, que chega case ao final da novela. Conta algunha experiencia que vivises relacionada cun bebé.

¿Quen era o bebé?

¿Que relación tiña contigo?

¿Que che pareceu a experiencia?

9. Na páxina 33, Noema, a protagonista, conta cal é a orixe do seu nome: a *Biblia*. Pregunta cal é a orixe do teu nome e por que che chamaron así. Cóntao por escrito.



Data

Nome